

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Medicina

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Fauna. Crenzas varias

CASTAÑAS

As castañas señeiras, señaREGas, señoReiras, uñeiras (as que están soas no ourizo) dáselles ás cabras e ás ovellas para que pairan crías femias. Ao tempo que se lles dá díselles: □ Toma esta castaña señeira, pasa pola abelleira e traéme unha cordeira branca, ou moura, ou como queiras □. Tamén se lles dan ás cabras para que traian dúas crías, e ás ovellas para curarlles o uñeiro.

[Otero, Ribeira de Piquín]

PESTE DOS PORCOS

Enfermidade moi contaxiosa e grave que ocasiona unha enorme mortaldade en persoas e animais. Nun santuario próximo a Monforte de Lemos (Lugo) hai unha pía de madeira chea de auga. Antigamente había que botar naquela pía tres cás (moedas de dez céntimos de peseta), deixar dúas e recoller unha que se levaba para a casa para cravar na maseira onde comeran os porcos e nunca máis terían peste os animais.

[Risco, Miscelánea]

PIOLLOS

A quen come castañas crúas, nácenlle piollos na cabeza [Zoñán, Mondoñedo]

SANGÜEIRA

Insecto coleóptero que segundo se cre pode causar a morte do gando que o coma entre o pasto.

[Otero, Ribeira de Piquín]

TOUPA

Mamífero insectívoro subterráneo de pequeno tamaño, ollos atrofiados e mans dianteiras capaces de excavar, pertencente á familia dos túlpidos (*Talpa europaea*).

Para curar ou bendicir a enfermidade chamada coxo é bo o cuspe de certas persoas que obteñen ese poder por ter matado tres toupas redondas, cada unha con tres puñadas. O coxo causado pola toupa é, con diferenza, o máis perigoso, pois igual que o animal foza e remexe a terra, así fai o seu coxo que foza na carne e remexe na ferida.

O que mata unha toupa cun só golpe obtén o poder de curar as dores de ventre aplicando a man coa que matou a toupa. Desque morre a toupa hai que collela e tirala para atrás por enriba do ombro esquerdo e sen mirar.

[Risco, Miscelánea]

BIBLIOGRAFÍA

OTERO, Anibal, «Vocabulario de San Jorge de Piquín», Verba, Anuario gallego de Filología, anejo 8, Universidade de Santiago de Compostela, 1977.

RISCO, V., «Miscelánea folklórica», en Cuadernos de Estudios Gallegos, II, Santiago de Compostela, 1946-47.

ZOÑÁN, Mondoñedo (Lugo). Información de Amadora Carreiras Tato.